

# II Congreso Internacional de Docencia Universitaria



## INFORMACIÓN ASISTENTES

### **AUTOBUSES DO CONGRESO: VIGO-FACULTADE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS-VIGO**

Sairán da rúa Areal cruce con Colón, e farán unha parada na Avenida de Madrid (Clínica Concheiro) preto da Praza de España. Á volta as mesmas paradas que á ida.

**Xoves 30 de xuño:** Ida 14:15. Volta sobre as 22h.

**Venres 1 de xullo:** Ida 09:15. Volta sobre as 20h.

**Sábado 2 de xullo:** Ida 09:15. Volta sobre as 16h.

### **PLANO DO EDIFICIO**

Facilítase un plano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais para que teñan un mellor coñecemento dos espazos nos que se desenvolverá o congreso.

### **CONEXIÓN WIFI**

Durante este congreso poderá conectarse a internet nas aulas de informática dispoñibles (ver plano) ou desde o seu computador portátil, a través dunha conexión wifi utilizando como nome de usuario **wifi@uvigo.es** e contraseña **docuni2011**.

### **TELÉFONOS DE INTERESE**

Teléfono móbil II CIDU 2011: 664818671. Central radio taxi: 986470000/ 986470033. Aeroporto: 986268200. Radio taxi servizos: 986272829. Concello: 986810100. Estación de Autobuses: 986373411. Punto de información turística: 986842690. Estación de Tren: 986431114. Urgencias: 112.

### **COMIDAS**

As pausas-café, as recepcións e a comida está previsto teñan lugar nos espazos abertos da planta baixa da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

### **CONFERENCIAS E MESAS REDONDAS**

As conferencias e mesas redondas desenvolveranse no Salón de Actos e poderán verse simultaneamente no Salón de Graos. Os vídeos correspondentes serán colgados despois do congreso na web (<http://tv.uvigo.é/>) para que poidan ser consultados.

### **COMUNICACIÓNS ORAIS E PÓSTERES**

As comunicacións orais serán nas aulas sinaladas como 1-9 e as comunicacións pósteres no corredor da primeira planta que vai ao Salón de Graos. Indicaranse as que se presentan en casa sesión na porta de cada aula e en cada panel. A presentación das comunicacións orais debe adaptarse ao paquete Microsoft Office 2007 dispoñible nos computadores das aulas. Haberá persoal de organización que lles facilitará cinta adhesiva para suxeitar os pósteres e **non deben utilizarse chinchetas, grampas ou similares**.

### **ENTREGA DE ACREDITACIÓNS**

O sábado 2 de xullo, despois da clausura está prevista a entrega de acreditacións de asistencia en recepción/información. As acreditacións de presentación de comunicacións serán entregadas polo/a moderador/a ao final de cada sesión.

### **ENQUISA VALORACIÓN CONGRESO**

Co fin de valorar a súa opinión sobre este congreso e mellorar futuras actividades, agradeceríámoslle que cumprimentase a enquisa facilitada na documentación e no la entregase ao recoller a acreditación de asistencia.

Durante o congreso tanto a organización como os asistentes debemos estar centrados no seu desenvolvemento, polo que **calquera outro problema deberá ser comunicado a [congresodocencia@uvigo.es](mailto:congresodocencia@uvigo.es) para a súa posterior resolución vía correo electrónico.**